

CORRESPONDENCIA ENTRE FERMAT E PASCAL



JOSÉ NICANOR ALONSO; MIGUEL ÁNGEL MIRÁS; CARMEN QUINTEIRO

SINOPSE

Esta historia comeza arredor dunha mesa de xogo, na Francia de mediados do século XVII. A mesa na que Antoine Gombaud gasta o tempo xogando aos dados. Adoita apostar a conseguir un dobre seis en 25 oportunidades, pois de tantas partidas sabe que é unha aposta gañadora en máis da metade dos casos. Curiosamente, para obter un seis cun único dado abonda con catro lanzamentos para ter vantaxe, feito inexplicable considerando as proporcións entre un caso e o outro. Por que 25 e non 24?


Un día, coincide nunha viaxe cun afamado científico, Blaise Pascal, preguntándolle a razón dese fallo na Aritmética. E o aludido comunícalle o asunto a un colega, tamén afeccionado ás matemáticas: Pierre de Fermat.

Ambos resoven o problema independentemente, compartindo os seus descubrimentos por carta. E o que comezou como curiosidade dun xogador impenitente acaba sendo o xerme dunha nova ciencia: a teoría da probabilidade. A explicación do azar mediante as matemáticas. E Pascal, entendendo o alcance do traballo desenvolvido, define este novo saber como a matemática do azar.


Neste texto presentamos a tradución ao galego das cartas conservadas, xunto coas explicacións matemáticas do seu contido. Veremos o carácter e as relacións entre os autores, xunto coas situacións vitais que van atravesando, pois as misivas adoitan conter referencias persoais e históricas. Saberemos as fórmulas de cortesía de uso obrigado entre autores de ciencia, traballo daquela a cargo maioritariamente de afeccionados. Os xigantes a cuxos ombros se subirían despois Newton e outros para ver máis lonxe....

	
Editora	UNIVERSIDADE DE VIGO
Materia	ENSAIO
Colección	MONOGRAFIAS.
EAN	9788411880008
Estado	Disponible
Encadernación	Tapa blanda
Páxinas	62
Tamaño	240x170x4 mm.
Peso	170
Prezo (Imp.inc.)	6,00€
Idioma	Galego
Data de lanzamento	25/03/2024


Títulos relacionados



NÁPOLES EN LA LITERATURA ESPAÑOLA DE LOS XVI Y XVII. 127
MANUEL ÁNGEL CANDELAS COLODRÓN



A LISTA DE HILBERT
JOSE NICANOR ALONSO ALVAREZ



TEORÍA DE LA TRADUCCIÓN: CONVERGENCIAS Y DIVERGENCIAS
ELENA SANCHEZ TRIGO



ALTERACION DE LAS ROCAS Y OTROS MATERIALES DE ...
IVAN DE ROSARIO AMADO, JORGE FEIJOO CONDE